

O CAPITALISMO EN ESPAÑA XA É INVIABLE!!

Artigo de airmandadedacosta.info

Aí van unha morea de datos que amosan que imos cara un precipicio. Non é por ser alarmistas, pero desta non sei como imos saír:

1. CARGÁRONSE O TRABALLO MINIMAMENTE DIGNO:

1980 foi o primeiro ano que se superou o 10% do paro, taxa da que só se baixaría durante 3 anos (2005-2008) e grazas ao cambio metodolóxico do 2002, que por encantamento deixou de considerar desempregados a decenas de miles de parados.

A primeira Reforma Laboral da “democracia”foi no ano 1984. Por aquel entón o paro xa superaba o 20% e Felipe González non dubidou en impoñer unha brutal reforma laboral cuxa medida estrela era o “contrato de fomento do emprego”, así como a creación doutros contratos lixo, que supuxeron un incremento de máis do 100% no nº de contratos temporais asinados en 4 anos (1985-1989). Desde entón xa padecemos outras 6 reformas laborais cada cal máis criminal que a anterior. Non sería esaxerado dicir que ese traballo minimamente “digno”, ese traballo para toda a vida cunhas certas garantías e uns incrementos salariais a medida que aumentaba a túa antigüidade morreu en 1980. Os mozos que daquela tiñan 25 anos agora teñen 63, é dicir, a última xeración do emprego “digno” se non se extinguiu, está a puntinho de facelo.

2. OS NOVOS PENSIONISTAS XA EMPEZAN A COBRAR MENOS QUE OS XUBILADOS ANTERIORMENTE:

Ata hai pouco a pensión dos novos xubilados non deixaba de aumentar, de feito en todos os telexornais dábannos datos sobre a gran diferenza que había entre o que cobraban os novos xubilados e os mozos que se incorporaban ao mercado laboral. Pero isto xa se remata. Os novos pensionistas cobraban 1342€ no 2015, 1332€ no 2016 e 1318€ no 2017. Isto demostra que esa xeración de “ouro” que “gozou” de traballo “estable” e condicións “dignas” está a desaparecer.

3. O ENVELLECIMENTO DA POBOACIÓN SUPÓN UNHA PERDA DO PODER ADQUISITIVO POR SI MESMA:

A taxa de substitución en España é de en torno o 80% é dicir, cando nos xubilamos cobramos o 80% do noso último salario. Evidentemente isto significa que máis de 300 000 persoas cada ano perden un 20% de poder adquisitivo polo simple feito de retirarse. Nin que dicir ten que en breve introduciranse novas reformas que reducirán de forma significativa esta taxa de substitución, o próximo ano sen ir máis lonxe,

meten o factor de sustentabilidade (outro eufemismo que empregan para non recoñecer que nos voltan a roubar).

4. A POBOACIÓN ACTIVA VAI CAER EN PICADO NOS PRÓXIMOS ANOS:

A poboación activa (traballadores+desempregados) pasou dos 14 millóns en 1985 (36,84% do total da poboación) a 23,4 millóns (49,79%) no 2011. Os motivos son evidentes:

A xeración do baby boom (os nados entre 1957 e 1977) incorporáronse ao mercado laboral.

Incorporación da muller ao mercado laboral (3,9 millóns de traballadoras en 1977 fronte ós 8,5 millóns de agora).

Incremento do número de inmigrantes: pasouse de menos de 1 millón de inmigrantes no ano 2000 ós 5,75 millóns do 2010. Este fenómeno foi importantísimo para a demografía española xa que supuxo un importante rexuvenecemento da poboación.

Igual que no pasado este espectacular crecemento da poboación activa supuxo un importante crecemento da riqueza nacional e o reforzamento do noso estado do “benestar”, agora tócanos vivir a outra cara da moeda. Os maiores da xeración do baby boom xa teñen 61 anos e máis de 50 000 vanse xubilarse este ano (case o 20% dos novos xubilados retíranse a esta idade) e millóns farano nos próximos 26 anos. Xa sabedes que as táboas demográficas de España presentaban unha barriguiña porque os nados nas últimas décadas eran moitos menos que os nados durante estes 20 anos, pois esta barriguiña xa chega á idade de xubilarse coas dramáticas consecuencias que terá para a nosa economía.

Unha boa medida para contrarrestar a desproporción que existe entre os moitísimos novos xubilados e os poucos mozos que se incorporan ao mercado laboral sería a completa incorporación da muller ao mercado laboral en igualdade de condicións que os homes, pero non parece moi factible que isto se vaia a producir. É evidente que seguimos vivindo nunha sociedade patriarcal na que as mulleres que traballan son 1,35 millóns menos que os homes e representan o 72% dos traballadores a tempo parcial, polo que se perden outros 600 000 traballos a xornada completa. Estes datos, ademais de ser unha inxustiza, son un auténtico suicidio para a nosa economía, xa que supón a perda duns 2 millóns de traballadores a xornada completa. Evidentemente esta vez non van vir os inmigrantes ó noso rescate. Nos últimos 7 anos lonxe de aumentar a poboación inmigrante ha caído en 1,15 millóns. A falta de emprego tras a crise e o racismo dunha sociedade hipócrita que non para de repetir o mantra de: “eu non son racista pero...” son os responsables. Algúns querían



unha España para os españois e non se preocupen que a van a ter, aínda que probablemente supoña que nos vaiamos a morrer de fame.

5. PERDA PODER ADQUISITIVO DOS PENSIONISTAS:

En España hai uns 8,7 millóns de pensionistas (18,73% do total da poboación) que verán como se incrementa a súa pensión un 0,25% cada ano. A día de hoxe xa están a perder poder adquisitivo (bastante máis do cinico 1% que indica un IPC pouco crible), pero cunha taxa de inflación normal (2-3%) o seu poder adquisitivo reducirase sobre un 20% nos próximos 10 anos... e iso supoñendo que non haxa novos recortes, moito supoñer péreceme a min.

6. MENOR COBERTURA DOS PARADOS E PRESTACIÓNS MÁIS BAIXAS:

A crise supuxo un gran incremento de paradas de longa duración que xa non cobran prestación e que poden ter complicado volver incorporarse ó mercado laboral. Se a isto engadímoslle os infinitos recortes que están a padecer: a partir do 6º mes no paro cóbrase un 16,67% menos grazas a un recorte de Rajoy, menor duración do paro ao obrigarche a elixir entre a nova prestación e a que tiñas no momento de incorporarche ó traballo, redución do importe do subsidio se traballas a

xornada parcial, etc. o resultado é unha perda espectacular do poder adquisitivo dos millóns de parados (a día de hoxe preto de 4 millóns).

Máis do 40% non cobra ningunha prestación e menos do 24% cobran o paro, o resto cobran subsidios de merda.

7. XA NON EXISTE COLCHÓN ALGÚN:

A taxa de morosidade pasou do 0,72% no anos 2006 ao 13,6% no 2013 (16% se contamos os activos “tóxicos” traspasados ao SA-REB), o cal evidencia a ruína de centos de miles de familias que non só perderon a súa vivenda e todos os seus aforros, senón que enriba quedaron cunha débeda pendente.

A crise actual tentámola pasar cos poucos aforros que tiñamos e coa axuda da xeración anterior que tiña empregos máis estables e mellor remunerados. Agora que en lugar de aforros temos débedas e coa xeración cos mellores salarios xa xubilada, como imos aturar a seguinte crise?

8. DÉFICIT DA SEGURIDADE SOCIAL INSALVABLE:

A hucha das pensións que no ano 2011 superaba os 65 000 millóns de euros xa desapareceu. Os 8 000 millóns que supostamente quedan son unha falacia xa que este ano gastáronse os 10 000 millóns do préstamo do

Tesouro, polo que o saldo real xa é negativo. O ano pasado a pesar da creación de case medio millón de postos de traballo, non só non se reduciu o déficit senón que se bateu un novo record (18 800 millóns de euros). Cando se deixe de crear emprego e coa xeración do baby boom xa xubilándose, o déficit vai disparar de forma incontida.

9. CAÍDA DA NATALIDADE DEBIDA Á CRISE:

En España o número de nacementos garda unha relación directa coa situación económica. Nos anos 90 debido á dura crise baixouse por primeira vez dos 400 000 nacementos anuais, coa recuperación económica volveu crecer o nº de nacementos (pasouse de 362 000 no 96 a case 520 000 no 2008)pero esta nova crise provocou unha nova desfeita da natalidade. O PP leva anos dicindo que estamos a saír da crise, pero os cidadáns pensamos o contrario, polo que no ano 2017 volveuse baixar dos 400 000 nacementos. Xa se pode afirmar que por culpa da crise deixaron de nacer máis de 700 000 nenos.

Tendo en conta que agora é case imposible conseguir unha estabilidade laboral antes dos 25-30 anos, isto quere dicir que a reversión do desequilibrio demográfico vai tardar como mínimo eses 25-30 anos en darse. Estou a falar de reversión, é dicir, deixar de agravarse aínda máis o desequilibrio, a solución é evidente que nós xa non a imos ver.

10. ECOLOXÍA E ESCASEZA DE RECURSOS NATURAIS E ENERXÉTICOS:

Quitando uns tolos como Donald Trump, Mariano Rajoy ou Rafael Hernando, o resto das persoas temos claro que o coidamos o medio ambiente ou nos cargamos o planeta. Obviamente isto vai supoñer nas próximas décadas un importante custo para a nosa economía, mesmo esperemos que por unha vez lles entre na cabeza que temos que abandonar o fanatismo do crecemento capitalista e empezar a decrecer. As consecuencias serán un importante agravamento da pobreza e canto máis tardemos en tomar medidas, máis drásticas terán que ser as mesmas. Os primeiros ecoloxistas xa levan polo menos 50 anos avisando, se se lle fixo caso...

SOLUCIÓN Ó PROBLEMA:

Desde o punto de vista capitalista é evidente que non o hai, calcúlase que dentro de 30 anos

o número de xubilados pode superar o número de traballadores, non temos colchón ningún por culpa da actual crise, o problema ecolóxico cada vez é máis urxente, hai décadas que os dereitos laborais non deixan de minguar o cal, ademais dunha aberración, supón un suicidio xa que se reducen as cotizacións á seguridade social, os parados e pensionistas non paran de perder poder adquisitivo, etc.

Por suposto que existe unha solución e ademais é facilísima, pero por desgraza non se vai a producir. A solución pasa por mudar o capitalismo por unha sociedade socialista (evidentemente refirome a unha sociedade igualitaria e sen clases sociais, non ao PSOE) que se centre na produción das necesidades da sociedade para despois distribuílas de forma equitativa entre todos os seus membros. Desta maneira non tería a menor importancia a redución do número de traballadores nin o envellecemento da poboación e obviamente pararíase de fomentar o fanatismo do crecemento desenfreado e suicida, que obviamente está a destruír o planeta.

Coas premisas socialista a solución é facilísima, basta con analizar estes datos:

—Entre o ano 1970 e o ano 2000 o número de traballadores dedicados á agricultura e a pesca nos países desenvolvidos pasou dun 29,3% a un 6,6%, actualmente menos aínda e iso que desperdiciamos máis da metade do producido.

—No sector de industria e enerxía pasouse dun 27,2% no 80 a un 14,2% no 2010.

—A obsesión do capitalismo por crear necesidades ficticias e inventarse traballos que non serven para nada, provocou que o sector servizos pasase dun 17% a principios do século XX a máis dun 70% hoxe en día.

A construción é unha auténtica praga en España, despois do ridículo feito entre 1995 e o 2007, bastaron uns poucos anos de crise para que o sector volte a repuntar, parece que non aprendemos. Os estudos das empresas inmobiliarias demostran que somos os reis da vivenda baleira en Europa con máis de 3,4 millóns.

Como se pode ver non hai o máis mínimo problema de produción de bens en España e seguirá sen habelo por moito que se xubile a xeración do baby boom, o verdadeiro problema que temos é o da repartición da riqueza e o da patolóxica mercantilización das nosas vidas que nos condena á miseria cando diminúen os nosos ingresos, aínda que ó noso redor haxa millóns de vivendas baleiras e toneladas de alimentos podrecéndose.

POR QUE OS ANARQUISTAS NOS OPOÑEMOS ÁS PRISIÓNS?

O pasado 27 de xaneiro tivo lugar a XVIII Marcha o cárcere de Teixeira, na web da irmandade da costa podeades atopar varias crónicas da protesta. Reproducimos a continuación o texto repartido durante a marcha.

É un feito que os políticos e os sesudos opinólogos dos medios de comunicación levan tempo cacarexando aos catro ventos a morneza do noso sistema penal e a laxitude das nosas institucións en materia xudicial, dando a entender que en España os delincuentes entran no cárcere por unha porta e saen pola outra cando non campan ás súas anchas sen apenas sanción ningunha. Quizais sexa por isto que cando os anarquistas dicimos iso de “Abaixo os muros das prisións” ou “Os cárceres son centros de exterminio” moita xente sorpréndese e míranos con incomprensión ou rexeitamento coma se falásemos de algo completamente absurdo.

Pois ben, nestes tempos nos que a petición do endurecemento do código penal e a instauración da cadea perpetua son un recurso dialéctico imprescindible para calquera politicucho de “pro”, sexa cal sexa a súa plumaxe, faise necesario aclarar que España é o país coa taxa de reclusión máis alta de toda a Unión Europea (164 reclusos por cada 100.000 habitantes, fronte a 96 en Francia ou a 84 en Alemaña); e iso que a súa taxa de criminalidade é unha das máis baixas de todo o continente.

De feito en España o número de persoas presas practicamente duplicouse nos últimos dez anos, superando na actualidade a astronómica cifra de 76.000 reclusos, e iso que a finais da época de Franco apenas había 15.000! Mentres tanto, e en contra da percepción social, a delincuencia diminuíu considerablemente durante a última década.

En canto ao recorrente tema da cadea perpetua revisable, “tan arraigada noutros lugares de europa”, dicir que en España os sucesivos endurecementos do código penal elevaron ata aos 40 anos o tempo máximo de estancia en prisión (nos casos de terrorismo, 30 para o resto) mentres que nos países europeos nos que se aplica a cadea perpetua nunca un condenado alcanza tanto tempo entre reixas. En Alemaña por exemplo, un dos lugares de Europa onde máis tempo se tarda en revisar esta pena (15 anos), a media de tempo en prisión para os que a padecen está entre 17 e 20 anos, aumentando a entre 23 e 25 en casos de crimes con especial asañamento. Aquí, sen cadea perpetua, un terrorista con delitos de sangue cumpre os 40 anos de condena a pulso e sen posibilidade ningunha de remisión.

Aínda así, como os anarquistas cuestionamos a esencia mesma do sistema penitenciario, ao considerar que a delincuencia é un froito ineludible da inxusta repartición das riquezas, nos encontramos a miúdo coa pregunta de “Que facer entón cos criminais?” formulada coa estrañeza daquel que pensa que “isto sempre foi así” ou que é unha cousa “de toda a vida”. Pero a realidade é outra, posto que o sistema carcerario tal e como o coñecemos apenas ten douscentos anos de existencia. Non foi se non ata o século XIX que se institúe o cárcere como castigo ao crecente número de pequenos delitos resultantes da aparición do capitalismo. A necesidade de castigar un maior número de infraccións de baixa contía contra a propiedade privada, e de facelo dunha forma menos truculenta que recorrendo aos castigos corporais que ata entón se estilaban, instaurou as bases do sistema punitivo tal e como agora o coñecemos. Evidentemente non estamos a avogar por unha volta á época das galeras e os “tormentos” públicos, só poñemos de manifesto que o sistema carcerario non é máis que un moderno resultado do ascenso do capitalismo.

Tendo en conta que a abafadora maioría da poboación reclusa (máis dun 70%) o está por delitos contra a propiedade (roubo e furto) ou contra a saúde pública (tráfico de drogas), cabería supoñer que unha repartición máis equitativa da riqueza, a despenalización do consumo de estupefacientes e unha mellora do nivel educativo acabarían coa inmensa maioría das causas que motivan o inhumano procedemento do secuestro institucional. Porque resulta que os violadores e asasinados apenas representan unha cifra inferior ao 10% dos encarcerados, e seguro que nunha sociedade máis xusta e horizontal se encontrarían mellores métodos para lidar con esta problemática. Aínda sen encontralos, teríamos eliminado o 90% das razóns que xustifican estes modernos centros de exterminio que, á fin e ao cabo, non serven se non para esconder debaixo da alfombra as probas do fallo da orde social.

Ardora

(s)ediçons anarquistas

Para nós é imprescindible articular um espaço de comunicação, ver os resultados e esforços de umha publicação em papel, dar importância aos livros e a sua potencialidade subversiva. As condições em que imaginar, pensar, e praticar a confrontação revolucionária, estão hoje longe de serem favoráveis. Mas pensamos que «Ardora», como projeto de comunicação, pode ajudar a vincular e confrontar diferentes ideias, debates, perspectivas e propostas. Animamos a colaborar já seja com a distribuição ou enviando artigos e propostas. Para todo isto, um contacto: ardora@riseup.net

A SEGUNDA REVISTA JA NAS RUAS!

Hai uns meses que ja saiu da imprensa o segundo número da revista. Desta volta vem cargadinha de artigos dos mais diversos temas. Falamos sobre o que está a acontecer em Catalunha, sobre os incêndios forestais, sobre história do anarquismo galego, Santiago Maldonado, ...

Visita a nossa web: ardoraeditora.info

